

BACKROOMS

Kane Parsons 2025

1766

ESTREA EN NUMAX: 06.06.2026 | V.O.S.E. | +16 | 110 min

Unha estraña porta aparece no soto dunha
exposición de mobles.

«A mellor película de terror do ano»

Miguel Ángel Romero, CINEMANÍA



Unha auténtica experiencia inmersiva

Por Desirée de Fez

Cero dúbidas de que, hoxe en día, as formulacións máis ambiciosas, as ideas máis sofisticadas (e abundantes), as narrativas máis estrañas e o uso menos previsible das referenzas están no cinema de terror. Co mérito engadido de que o insólito, imprevisible e raro deses filmes ten unha dimensión pop alucinante. Son filmes que conectan co público. Hai dous exemplos recentes, *Os pecadores* (Ryan Coogler, 2025) e *Weapons* (Zach Cregger, 2025). A elas súmase agora a extraordinaria *Backrooms*, translación ao cinema dunha antoloxía de YouTube creada por Kane Parsons. Trátase duns vídeos moi perturbadores inspirados no creepypasta (historia de terror que nace e se viraliza en internet) dos Backrooms, que afirma a existencia dun labirinto liminal e inhóspito de oficinas baleiras. Un escenario de pesadelo no que a definición dos espazos e a dimensión dos obxectos responden a unha aleatoriedade arrepiante.

Acompañado de dúas figuras clave do terror, James Wan e Osgood Perkins, en calidade de produtores, Parsons tralada con mestría ao cinema o misterio, o terror, a lóxica desquiciada e as estéticas dos seus vídeos, todos disponibles en YouTube. O resultado é un cruce maxistral de terror e ciencia ficción. *Backrooms* sorprende por moitas razóns. Pola súa solidez conceptual e a capacidade de Parsons para converter a idea illada e o sensorial da súa serie de internet nunha historia consistente. Pola xenialidade coa que relaciona os espazos físicos e mentais (neste sentido, quizais sexa a primeira película que achega variacións significativas ao proposto nesa dirección por David Lynch e Charlie Kaufman). Polo seu abraiante deseño de produción e a fluidez da cámara, xeradores dunha auténtica experiencia inmersiva. Pola naturalidade coa que cruza a linguaxe cinematográfica e a de Internet. E, sobre todo, porque dá realmente medo. Parsons, que acaba de cumprir 21 anos (tiña 17 cando a súa serie “Backrooms” se fixo popular), decodificou o cinema de terror e encontrou novos mecanismos para xerar situacións xenuinamente arrepiantes.

Publicado en Fotogramas nº 2192, xuño de 2026